

25 DE NOVIEMBRE | DÍA INTERNACIONAL CONTRA LA VIOLENCIA MACHISTA



ABRE OS CADEADOS
QUEN TE AMARRA, NON TE QUERE!



ABRE OS CADEADOS

QUEN TE AMARRA, NON TE QUERE!

Desde O BNG presentamos esta campaña coa intención de pór sobre a mesa neste mes de novembro a actuación contra a violencia machista como unha prioridade política. Entendemos que urxe desenvolver a lei galega de tratamento e prevención da violencia machista, así como tomar medidas específicas na concienciación social para avanzar na ruptura das desigualdades e na eliminación da violencia contra as mulleres.

Preocúpanos como o machismo está absolutamente naturalizado na sociedade e, especialmente, entre a xente moza. Por iso queremos pór o acento non só na loita contra as agresións físicas, senón tamén en todos os compoñentes, tanxíbeis ou non, que reproducen situacións de violencia en todos os ámbitos da nosa vida.

Aínda que entendemos que é preciso traballar desde a base e consolidar movementos no ámbito social, consideramos que o exemplo debe vir de quen ten as ferramentas para mudar esta situación, polo que o primeiro paso é que o goberno galego asuma a súa responsabilidade política e cumpra dunha vez por todas coas esixencias que lle levamos posto sobre a mesa, a última, rexistrada en forma de táboa reivindicativa no Parlamento de Galiza o 9 de setembro deste mesmo ano, despois de que o machismo golpease con forza no noso país a finais de agosto.

TÁBOA REIVINDICATIVA DE MEDIDAS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

1.- PLAN XERAL DE COEDUCACIÓN EN TODOS OS CENTRO E NIVEIS DE ENSINO, ACOMPAÑADO DUN PLAN ANUAL ESPECÍFICO DE CADA CENTRO QUE DEBE:

- Incorporar a nivel curricular os principios coeducativos, tanto no sistema obrigatorio como no non obrigatorio,
- O coñecemento das diversidades sexuais e afectivas e a identidade de xénero.
- Desenvolver programas de formación específicos para o profesorado e protocolos de prevención e actuación en casos de violencia machista.

- Promover obradoiros, materiais didácticos e proxectos educativos para a etapa da adolescencia.

2.- PRESTACIÓN ECONÓMICA GARANTIDA DURANTE TODO O ANO PARA AS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO CON CANTIDADES QUE POSIBILITEN A SÚA INDEPENDENCIA REAL E CUXO PRAZO DE SOLICITUDE ESTEA ABERTO DURANTE TODO O ANO.

Urxe desenvolver lexislativamente o artigo 39 da Lei galega para a prevención integral da violencia de xénero de xeito que se recolla como mínimo:

- A regulación das axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e establecer baremos de renda non inferiores aos que se recollían nas convocatorias doa anos 2006, 2007, 2008, 2009 e 2010.
- A fixación dun prazo máximo de 30 días para a resolución e o pagamento efectivo das axudas desde o momento da súa solicitude.
- A ampliación da duración das axudas a 18 meses prorrogábeis até 24 meses segundo a situación da vítima.

3.- DOTACIÓN DE XULGADOS ESPECIALIZADOS EN VIOLENCIA DE XÉNERO NAS CIUDADES GALEGAS, CON PERSOAL E MEDIOS MATERIAIS SUFICIENTES.

- Plan urxente para arroupar as denuncias, cruzamentos de datos entre os diferentes servizos (016 e corpos policiais) e protocolos de actuación realizados por profesionais nos xulgados (valoracións psicolóxicas).
- Mudanza no tratamento das ordes de afastamento que, na práctica, restrinxen a liberdade de movemento das mulleres en vez de serviren para afastar aos agresores.
- Acondicionamento dos xulgados mixtos para evitar que as vítimas partillen as salas de espera cos agresores.

4.- INCLUSIÓN DAS E DOS MENORES E DAS PERSOAS A CARGO COMO VÍTIMAS DA VIOLENCIA MACHISTA A TODOS OS NIVEIS, QUER PARA COMPUTAREN NAS ESTATÍSTICAS, QUER COMO BENEFICIARIAS DAS AXUDAS QUE EXISTIREN.

5.- APOIO AO ASOCIACIONISMO FEMININO E APOSTA POLA CREACIÓN DE REDES LOCAIS / COMARCAIS CONTRA OS MALOS TRATOS.

CAMPAÑA DE CONCIENCIACIÓN SOBRE A RESPONSABILIDADE SOCIAL E A NECESIDADE DE ILLAR AOS AGRESORES.

6.- PLAN DE FORMACIÓN ESPECIAL PARA O PERSOAL SANITARIO.

Abordar a violencia de xénero como un problema de Saúde Pública para unha atención integral desde os dispositivos de saúde ante a violencia machista. Implantar formación transversal a tod@s @s profesionais con atención directa a doentes que permita:

- Identificar os mitos sobre a violencia machista para neutralizar a súa influencia.
- Comprender os factores de vulnerabilidade e o proceso dos malos tratos.
- Detectar precozmente os casos de violencia de xénero a partir dos indicadores de sospeita.
- Adquirir habilidades para a escoita na consulta ás usuarias maltratadas.

7.- PLAN DE EMPREGO FEMININO. CUMPRIMENTO DA PROMESA DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALIZA DE DESENVOLVER UN PLAN DE EMPREGO FEMININO.

8.- CUMPRIMENTO DA NORMATIVA EN PUBLICIDADE SEXISTA.

9.- EXEMPLARIDADE DAS FORZAS POLÍTICAS NA LOITA CONTRA A VILENCIA COTIÁ E OS MICROMACHISMOS.

As organizacións políticas tomarán medidas cos cargos institucionais que fagan declaracións machistas.

10.- PROTOCOLO DE ACTUACIÓN A RESPECTO DO TRATAMENTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

na liña das recomendacións do Observatorio galego dos Medios e o Colexio profesional de Xornalistas na

"Declaración de Compostela".

- De maneira especial, os medios e xornalistas evitarán os estereotipos e prexuízos ligados á violencia contra as mulleres.

25 DE NOVEMBRO DE 2014.

DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

ABRE OS CANDEADOS, QUEN TE ENCERRA NON TE QUERE